(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas				
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado				
(+/-) Arrendamiento financiero				
(+) Préstamos				
(-) Mecanismo extraordinario de pago proveedores 2012				
(-) Inversiones realizadas por la Corporación local por cuenta de otra Administración Pública (6)				
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto				
(+/-) Otros (Especificar) (4)				
Empleos no financieros terminos SEC excepto intereses de la deuda	3.432.879,76		3.432.879,76	4.725.082,22
(-) Pagos por transferencias (y otras operaciones internas) a otras entidades que integran la Corporación Local (2)				
(+/-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	-1.336.166,32		-1.336.166,32	-1.718.496,41
Unión Europea				
Estado	-4.322,51		-4.322,51	-1.784,80
Comunidad Autonoma	-495.027,69		-495.027,69	-673.113,52
Diputaciones	-836.816,12		-836.816,12	-1.043.598,09
Otras Administraciones Públicas				
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación (3)				
Total de Gasto computable del ejercicio	2.096.713,44		2.096.713,44	3.006.585,81

Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas

DENOMINACIÓN	GASTO FINANCIADO	AGENTE
Mellora da seguridade viaria de Sartes a Calvos de Arriba (Calvos) e outros. POS + 2022	6.284,27	DIPUTACIONES
Pavimentación de accesos a Abelenda. POS + 2022	49.000,00	DIPUTACIONES
Mellora do viario de límite municipal en Corneda a Quintás por Sanguñedo e outros. POS + 2022	47.954,72	DIPUTACIONES
AMPLIACION DO PARQUE INFANTIL (AGADER)	13.819,11	CCAA
CONSTRUCCION DE BEIRARRUAS NA MARXE DEREITA DA RUA PUCHO BOEDO (CONVENIO DEPUTACION)	100.155,06	DIPUTACIONES
PAVIMENTACION DE VIARIO EN VILAR DE CALVOS E OUTROS POS+ADICIONAL 2/2022 2º FASE	234.020,00	DIPUTACIONES
PLAN MARCO MELLORA DE CAMIÑOS 2023/2024	52.102,37	CCAA
ACTUACIONS EN MATERIA DE RECOLLIDAD DE RESIDUOS, ADQUISICION DE CONTENEDORES (NEXT GEN.)	35.765,86	CCAA
APROL RURAL 2023	2.290,55	CCAA
APROL RURAL 2023	1.172,74	CCAA
PEL 2023	493,29	DIPUTACIONE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		S
REDE CULTURAL 2023 (DEPUTACION)	1.894,50	DIPUTACIONES
POS+ Adicional 2/2022 - Pavimentación do viario de Mince a Foxás	94.650,00	DIPUTACIONES
POS+ Adicional 2/2022 Pavimentación do viario de Cruz de Méndez a Louradela	40.420,00	DIPUTACIONES
POS+ Adicional 2/2022 Mellora do acceso a cemiterio dende A Silva	63.120,00	DIPUTACIONES
POS+ Adicional 2/2022 Mellora do viario de Torreis de Arriba.	34.720,01	DIPUTACIONES
FCA NO COMPETITIVO 2024. Subministro de contedores para recollida de residuos sólidos urbanos	2.151,52	CCAA
Minimización das perdas de auga na rede de abastecemento / auditoría das redes de saneamento para detención de infitraci	6.892,78	CCAA
Minimización das perdas de auga na rede de abastecemento / auditoría das redes de saneamento para detención de infitraci	50.058,82	CCAA
POS+ 2023 Mellora do viario nas Quintás	58.420,00	DIPUTACIONES
POS+ ADICIONAL 2/2023 Mellora do viario de Grixó a Obra e outros	68.620,00	DIPUTACIONES
Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025	40.397,13	CCAA
Acondicionamento do Punto de Atención Turística	30.002,11	CCAA
TECNICO DE DEPORTES 2024	14.656,38	DIPUTACIONES
TRABAJADORA SOCIAL 2024	16.479,86	CCAA
REDE CULTURAL 2024	637,50	DIPUTACIONES
REDE CULTURAL 2024	13.122,76	DIPUTACIONES
SERVICIO DE SOCORRISMO 2024	6.492,64	DIPUTACIONES
ENVELLECEMENTO ACTIVO 2024	4.906,44	DIPUTACIONES
ENVELLECEMENTO ACTIVO 2024	1.119,89	DIPUTACIONES
Técnico de igualdade de xénero no ano 2024 (FOAI/2024)	16.886,59	DIPUTACIONES
PACTO DE ESTADO VIOLENCIA DE GENERO 2024/2025	362,80	ESTADO
PACTO DE ESTADO VIOLENCIA DE GENERO 2024/2025	1.422,00	ESTADO
PEL 2024	31.000,83	DIPUTACIONES
APROL RURAL TOURO 2024.TAREFAS NO MEDIO AMBIENTE - PEÓN	11.036,78	CCAA
APROL RURAL TOURO 2024.TAREFAS NO MEDIO AMBIENTE - PEÓN	3.075,60	CCAA
SAF DEPENDENCIA	304.493,92	CCAA
CORRESPONSABLES	16.346,48	CCAA
PAI	21.210,27	CCAA
CONVENIO INCENCIOS	48.280,00	CCAA
FONDO AMBIENTAL (SOGAMA)	15.177,86	CCAA
XULGADO FUNCIONAMENTO	2.359,78	CCAA
POS 2024 GASTOS SOCIAIS EXTRA	79.023,21	DIPUTACIONES
SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS DIPU	76.000,00	DIPUTACIONES
	1.718.496,41	

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

III) SOSTENIBILIDAD FINANCIERA. CÁLCULO DE LA DEUDA

Se entenderá por sostenibilidad financiera la capacidad para financiar compromisos de gasto presentes y futuros dentro de los límites de déficit, deuda pública y morosidad de deuda comercial.

Conforme al art 13 LOEPDF el Volumen de la deuda pública, definida de acuerdo con el protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del PIB nacional expresado en términos nominales, o en el que se establezca por la normativa europea. Este límite se en un 3% para el conjunto de Corporaciones Locales.

La deuda financiera debe medirse en términos de volumen de deuda viva, incluida aquella a efectos del Protocolo de Déficit Excesivo, y del límite de endeudamiento a efectos del régimen de autorización de nuevas operaciones de crédito establecido en los artículos 52 y 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y la Disposición Final 31ª de la Ley 17/2012, de 27 de diciembre, de presupuestos generales del Estado para el año 2013. Y al que el informe a la liquidación del presupuesto 2024 se hace referencia.

El volumen de deuda viva a 31.12.2024 en términos de porcentaje sobre los ingresos corrientes ajustados minorando los ingresos afectados, es:

NIVEL DE DEUDA VIVA - PDE	
1) (+) Ingresos 2024 *(capítulos 1 a 5 de ingresos)*	3.058.412,18
2) (-) Ingresos actuaciones urbanísticas	0,00
3) (-) Ingresos afectados	0,00
4) TOTAL INGRESOS AJUSTADOS (1-2-3)	3.058.412,18
5) Deuda viva a 31.12.2024	0,00
6) Porcentaje deuda viva PDE	**0,00%**

NIVEL DE DEUDA VIVA – ART 53 TRLRHL Y DE LA DF 31ª LPGE 2013	
1) (+) Ingresos 2024 *(capítulos 1 a 5 de ingresos)*	3.058.412,18
2) (-) Ingresos actuaciones urbanísticas	0,00
3) (-) Ingresos afectados	0,00
4) TOTAL INGRESOS AJUSTADOS (1-2-3)	3.058.412,18
5) Deuda viva a 31.12.2024	567.418,74
6) Porcentaje deuda viva	**18,55%**

Por lo que se informa que **el nivel de deuda así calculado estaría por debajo del 110% de los ingresos corrientes,** límite previsto según el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, así como del 75% previsto en la LPGE 2013 y ss.

CONCLUSIONES.

Con los objetivos aplicados desde la entrada en vigor de la LO 2/2012:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- LA CORPORACIÓN LOCAL NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA.

- LA CORPORACIÓN NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO.

- LA CORPORACIÓN NO TIENE DEUDA VIVA.

A la vista del incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria y del objetivo de la regla de gasto se debe formular un Plan Económico Financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto, con el contenido y alcance previstos en el artículo 21 de la LO 2/2012."

O pleno dase por enterado.

4 EXPEDIENTE 2025/G006/000109. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 7 DE ABRIL E O 4 DE MAIO DE 2025 TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 7 de abril e o 4 de maio de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 7 de abril e o 4 de maio de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000099	EXPEDIENTE 2025/G010/000006. Pleno sesión ordinaria 10 de abril de 2025. Convocatoria.	98/2025	07-04-2025
2025/G003/000101	EXPEDIENTE 2024/A008/000047. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025". Resolución recurso de reposición contra o decreto de alcaldía número 33/2025, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña.	99/2025	08-04-2025
2025/G003/000100	EXPEDIENTE 2025/X999/000032. Pagamento complementario IRPF 4ºT-2024	100/2025	08-04-2025
2025/G003/000103	EXPEDIENTE 2025/S002/000021. Baixa de Servizo Axuda no Fogar modalidade dependencia.	101/2025	08-04-2025
2025/G003/000102	EXPEDIENTE 2025/G003/000102. Delegación das funcións da alcaldía dende o 11 ao 21 de abril de 2025 ambos os dous incluídos	102/2025	08-04-2025
2025/G003/000104	EXPEDIENTE 2025/G003/000104. Dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados municipais durante o primeiro trimestre de 2025.	103/2025	08-04-2025
2025/G003/000106	EXPEDIENTE 2025/G007/000004. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 10 de abril de 2025	104/2025	09-04-2025
2025/G003/000105	EXPEDIENTE 2025/V006/000004. Solicitude tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade.	105/2025	09-04-2025
2025/G003/000107	EXPEDIENTE 2025/V006/000005. Solicitude tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade.	106/2025	09-04-2025
2025/G003/000108	EXPEDIENTE 2024/I002/000011. Llimpeza de fincas no Lg. O Monte, Turces. Ref. Catastral: 15086C503006350001LT, 15086C503006380000KI e 15086C503006360000KD.	107/2025	09-04-2025
2025/G003/000110	EXPEDIENTE 2025/G003/000110. Alta recibos da taxa por recollida de lixo dos exercicios 2022 e 2024 por novo titular	108/2025	10-04-2025
2025/G003/000109	EXPEDIENTE 2025/G003/000109. Anulación recibos da taxa por recollida de lixo dos exercicios 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2024 número fixo: 253000555220	109/2025	10-04-2025
2025/G003/000090	EXPEDIENTE 2025/G003/000090. Pago taxa por reserva de dominio público radioléctrico correspondente á anualidade 2025	110/2025	10-04-2025
2025/G003/000111	EXPEDIENTE 2024/A008/000026. Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen os criterios e o procedemento	111/2025	11-04-2025

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto na letra h) do artigo 60.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (código de procedemento PR486B). Solicitude de subvención.		
2025/G003/000116	EXPEDIENTE 2025/S002/000025. Modificación Servizo Axuda no Fogar	112/2025	11-04-2025
2025/G003/000115	EXPEDIENTE 2025/S002/000024. Modificación Servizo Axuda no Fogar	113/2025	11-04-2025
2025/G003/000114	EXPEDIENTE 2025/S002/000023. Modificación Servizo Axuda no Fogar	114/2025	11-04-2025
2025/G003/000112	EXPEDIENTE 2025/S002/000022. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	115/2025	11-04-2025
2025/G003/000118	EXPEDIENTE 2025/X999/000033. Pagamento IRPF 1ºT-2025	116/2025	15-04-2025
2025/G003/000117	EXPEDIENTE 2025/T002/000003. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención actividades dinamización da lectura e adquisición de novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas.	117/2025	15-04-2025
2025/G003/000119	EXPEDIENTE 2025/S001/000001. Solicitude Xantar na Casa.	118/2025	16-04-2025
2025/G003/000120	EXPEDIENTE 2025/G003/000120. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de abril 2025)	119/2025	22-04-2025
2025/G003/000122	EXPEDIENTE 2025/A008/000030. Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E). Solicitude subvención.	120/2025	22-04-2025
2025/G003/000121	EXPEDIENTE 2025/G003/000123. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de abril de 2025	121/2025	22-04-2025
2025/G003/000123	EXPEDIENTE 2025/G003/000123. Horas extraordinarias realizadas fora da xornada laboral abril 2025.	122/2025	22-04-2025
2025/G003/000125	EXPEDIENTE 2025/A008/000031. Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU300D). Solicitude subvención.	123/2025	23-04-2025
2025/G003/000124	EXPEDIENTE 2025/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.	124/2025	23-04-2025
2025/G003/000126	EXPEDIENTE 2024/A008/000050. Xustificación subvención contratación Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local 2020 EXPTE: TR351B 2020/34-1. Reintegro impote non xustificado.	125/2025	24-04-2025
2025/G003/000127	EXPEDIENTE 2025/V006/000006. Solicitude tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade.	126/2025	24-04-2025
2025/G003/000128	EXPEDIENTE 2025/E001/000002. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	127/2025	24-04-2025
2025/G003/000131	EXPEDIENTE: 2025/T002/000004. Modificación orzamentaria. incorporación de remanentes de 2024 a 2025.	128/2025	29-04-2025
2025/G003/000129	EXPEDIENTE 2025/T019/000001. Liquidación do Orzamento exercicio 2024. Aprobación.	129/2025	29-04-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000132	EXPEDIENTE 2025/G007/000005. Xunta de Goberno Local. Sesión extraordinaria do 29 de abril de 2025	130/2025	30-04-2025
2025/G003/000133	EXPEDIENTE 2025/E001/000002. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a. Nova data do proceso de selección.	131/2025	30-04-2025

O pleno dase por enterado.

5 MOCIÓNS.

5.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A RESTAURACIÓN DO CRUCEIRO DE CALVOS.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

Con data 27/10/2021 un vehículo colisionou co cruceiro da Xunqueira, parroquia de Calvos, derrubándoo e causando danos moi considerables no mesmo.

No mes de febreiro de 2024 e ante a inacción do goberno municipal, que o único que fixo foi rodealo dunhas pequenas vallas, dado que o cruceiro seguía derrubado e sen que se realizara actuación algunha ao respecto,, o BNG presentou unha moción neste pleno solicitando a súa restauración. Moción aprobada por unanimidade.

Despois de varios meses e, ante a non execución da moción, o BNG volveu preguntar polas xestións para o arranxo do mesmo sen que nada se fixera tampouco dende aquela, e a realidade é que todo segue igual que dende fai máis de 3 anos.

Temos que lembrar que o cruceiro de Calvos figura no catálogo do PXOM municipal, ten a consideración de Ben de Interese Cultural e consta no inventario de bens do concello de Touro.

Máis alá do desleixo absoluto que supón este abandono total deste ben do patrimonio cultural, debemos ter en conta a obrigatoriedade que ten o concello de proceder a restauración deste ben como propietario do mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. O concello iniciará todas as xestións necesarias, incluída a redacción dun proxecto técnico, para que se proceda ao arranxo e restauración do cruceiro da parroquia de Calvos.

2. Para tal fin, procurará buscar financiamento nas diferentes administracións, tanto Xunta de Galicia como Deputación da Coruña, aproveitando as posibles axudas ou subvencións que para estes fins poidan convocar estes organismos.

3. Incluír no proxecto de restauración a delimitación dunha zona de seguridade ao redor do mesmo para evitar futuros accidentes.

O Concelleiro do PP, Sr. Alfredo Souto, di que unha obra que xa estaba aprobada no Pleno do 9 de xaneiro, xunto co noso plan de obras, plan de obras que vostede meteuno no caixón e fíxose un plan de obras según lle pareceu aprobouno mediante decreto e a responsabilidade é de vostede por rechazar ese plan de obras. Diríalle ao sr. Louzao que estamos totalmente de acordo coa moción e que no punto dous se engada que se financie a través dun suplemento ou transferencia de crédito e que se utilicen os fondos municipais, porque solicitudes de subvención paréceme que aquí se fan poucas.

O Sr Louzao, voceiro do BNG, di que a cuestión é que se resolva e non vou poñer ningunha pega, falo de buscar financiación porque a Deputación saca liñas de financiación, que se empece pola redacción do proxecto técnico e senón se acadan vías de financiación que se faga con fondos do Concello, pódese poñer como un cuarto punto ou punto 2.2. no caso de que non aperecera unha vía de financiación no exercicio actual que se faga con fondos do Concello, pero de forma subsidiaria.

O Sr. alcalde di que por concretar, eméndase con esa engádega?

O voceiro do BNG di que pode poñerse no segundo punto: en caso de non abrir liñas este ano de financiamento públicas que se acometan con fondos do Concello.

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. alcalde di que estamos de acordo coa moción e por concretar a falla á verdade do Concelleiro Alfredo Souto, faríalle as seguintes puntualizacións, como ven se dixo na exposición e consta na moción o cruceiro danouse no ano 2021 a reclamación de danos ao seguro prescribe ao ano, prescribiu en outubro do ano 2022 cando vostede era concelleiro di grupo de goberno naquel momento co cal a responsabilidade de que estes danos non os pague o seguro do vehículo que o danou é do goberno anterior no cal o intervinte Alfredo Souto era membro. Trouxo a colación o plan de obras e servizos POS 2025 que se traxou a Pleno polo alcalde que é a quen lle compete e a Pleno só se trouxo ese Plan de obras por moitas voltas que lle dean, o votar en contra dese plan, votaron en contra de solicitar finanzamento á Deputación de douscentos mil euros para arranxos na piscina, de douscentos mil euros e obras na parroquia de Loxo, para renovar alumeados LED en toda a parroquia de Loxo e de Vilar máis o que falta na parroquia de Circes e tamén ampliar a estrada que vai de Loxo ás Quintás e da pavimentación con aglomerado nos núcleos de Loureda en Loxo.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (cinco Concelleiros do PP, tres concelleiros de MVXT, o Concelleiro do PG, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Por urxencia foi presentada unha Moción polo Grupo Municipal do Partido Popular, procedéndose á votación da urxencia, sendo ratificada a urxencia pola unanimidade dos once Concelleiros que conforma a Corporación.

O Sr. alcalde di que incluímos a Moción na orde do Día.

5.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A EXPLICACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2024 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE, REGRA DO GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción, presentada de xeito preventivo porque xa supoñíamos que o Sr. Alcalde non ía a permitir preguntas na dación de conta da do decreto de aprobación da liquidación, o obxecto é claro pedirlle ao sr. alcalde as explicacións correspondentes ás causas de porque hai ese desvío na execución presupuestaria o que implica o incumprimento da regra de gasto aparte do tema da estabilidade e o máis grave que obriga e compromete a aprobar un plan económico financiero para reequilibrar as contas. Como se trata de documentos moi técnicos que seguramente a maioría de nós non alcanzamos a desmenuzar facilmente o obxecto da moción e que por parte de Alcaldía e se quere co apoio de intervención explique claramente os puntos que se especifican na moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xunto coa convocatoria da sesión ordinaria do pleno do 8 de maio de 2025, remitiuse o decreto de aprobación da liquidación do orzamento de 2024 e mailo o informe de Intervención sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda.

O informe de Intervención conclúe:

“A la vista del incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria y del objetivo de la regla de gasto se debe formular un Plan Económico Financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto, con el contenido y alcance previstos en el artículo 21 de la LO 2/2012.”

Á vista das citadas conclusións, formulamos a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Explicación e xustificación das causas do incumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra do gasto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Explicación e xustificación do saldo da conta 413 (facturas no caixón).

3. Explicación e xustificación dos desvíos da financiación dos gastos con financiación afectada.

4. Explicación dos incumprimentos do período medio de pago no caso dos acreedores da conta 413.

5. Explicación das causas do plan económico financeiro que é preciso elaborar, así como os prazos previstos e os obxectivos a conseguir.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González di que visto así friamente hai un 1.356.000 euros de desvío, poderiamos pensar que se gastaron eses cartos de forma arbitraria, eu teño claro que non foi así, sabemos que a regla do gasto contempla os capítulo 1 a 7 de ingresos e loxicamente todo o que se paga con cargo ao remanente de tesouraría que entra polo capítulo 8 de ingresos non computa para a regla de gasto; pero hai que preguntarse porque salvo aquelas cousas que se aprobaron aquí, expedientes de modificación de créditos para invertir parte do remanente, porque determinados pagos se fixeron no exercicio 2024 e o traio a colación porque no ano 2022 aprobouse un plan de obras municipal financiado integramente con cargo ao remanente, todas esas obras foron licitadas e contratadas como moi tarde o 11 de xullo de 2023, un prazo de execución de seis meses, polo que deberían estar executadas como moi tarde en decembro de 2023, porque fago fincapé nisto, porque no 2023 a regla de gasto non estaba en vigor,as reglas fiscais estaban suspendidas, polo que se estas obras estiveran executadas en 2023 e pagado nese ano, probablemente gran parte do desvío non existiría, como tamén hai outra serie de gastos que se imputaron a remanente aparte dos dous expedientes de modificación de crédito, pedimos que se nos explique aos membros da corporación e a través de nós aos veciños, porque teñen dereito a coñecer isto e sobre todo o impacto que vai a ter no funcionamento da administración municipal a aprobación dese plan económico financeiro. Espero as explicacións a estas preguntas que fago.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que si é necesario unha explicación porque analizando por riba a liquidación vemos un orzamento deficitario moi considerable e un estado de execución dos investimentos moi baixo, unhas modificacións enormes supoño que por non elaborar uns orzamentos adaptados á realidade actual, e unha redución do remanente de tesouraría nunha cantidade moi considerable de máis de tres millóns seiscentos mil no 2023 a dous millóns seiscentos mil no 2024 que se lle sacamos as facturas pendentes de pago veñen sendo dous millóns corenta e dous mil, falamos de un millón e medio de euros menos; vai quedar un remanente real menor dos fondos que hai no Sabadell, polo que haberá que rescatar ese diñeiro. Ten como consecuencia que por primeira vez non cumpre nin a regla de gasto nin ao obxectivo de estabilidade orzamentaria que esixe a lexislación e non manifesta máis que unha xestión nefasta. Con estes datos todos, e se algo tiña de bo este Concello era que estaba moi saneado, merece unha explicación clara, porque hai unha xestión evidentemente caótica, non se me ocurre outra cousa polo que estamos de acordo en pedir esas explicacións.

O Sr. alcalde pregunta isto é para someter a votación?

O Sr. Reboredo González di que gracias á pista que me deron o outro día de facelo ao abeiro do artigo 46 da Lei de Bases, non ten unha parte dispositiva, é unha moción de control, das famosas que vostedes me dicían que son as que habiamos presentado hasta aquí ao amparo do regulamento de organización, entón como moción de control que nos poda explicar as causas deste desaxuste económico, porque sabiamos que era a única maneira de forzar un debate aquí, podamos intervir e pedir esa explicación que tampouco debe ser tan complicado para o sr. alcalde.

O Sr. alcalde di que é sencillísimo, todas estas cuestións nas cal solicita explicación precisamente da resposta a elas na exposición, esto todo explícase no plan económico financeiro que se vai presentar.

O Sr. Reboredo González di que o plan vai explicar como remediar o problema.

O Sr. secretario-interventor di que tamén as causas.

O Sr. Reboredo González di que non ten ningún problema que o secretario a nivel didáctico explique, de que non se fixo nada raro, porque se fan uns avances trimestrais por intervención a Administración do Estado polo que se tiña que haber detectado ao largo do exercicio, non é algo que surxira de repente, senón a nivel didáctico e informativo se explique onde está o problema.

O Sr. alcalde di que os números non son valorables, non son opinables. Repítolle todo iso explícase no plan económico financeiro, unha vez que se presente terán todos os datos e danse todas as explicacións.

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que lle parece unha escapada do tema. Eu entendo que se fagan mal as cousas pero que non queira asumir a responsabilidade, sequera de explicalas, xa que os veciños de Touro merecen moito máis que iso, non os pode despreciar desa maneira. Hai un problema serio, que se produce por primeira vez, explique porque se ademais o máis prexudicado vai a ser o goberno municipal, vai ter que requilibrar as contas e vai ter menos cartos par gastar nos próximos dous exercicios. Se o sr. alcalde non o quere facer, permítallo facer ao sr. secretario, que supoño que non terá problema en anticiparnos as causas do plan. Senón o queren facer alá vostedes.

6 ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, realiza as seguintes preguntas.

1. Teño a obligación que me impuxen fai uns meses, como leva a elaboración do proxecto de presupuestos? para que nos vai dando largas coma sempre.

2. Teño unha curiosidade, hai unhas cunetas revestidas en Andeade a un lado e outro da carretera que non acabo de atoparlle explicación, sin colocarlle sequera un tubo de desagüe por debaixo.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Respecto da primeira pregunta, non hai máis avances do que había.

2. Respecto da segunda, non teño coñecemento desas cunetas revestidas que lle chama, é simplemente o entronque da vía principal asfaltada coa vía secundaria non asfaltada. Decidiuse facer o entronque para a canalización desas augas en superficie en vez de facelo entubado, entendendo que os entubados causan máis problemas de entullamentos, o que se fixo foi o entronque das vías mediante unha canalización chan que permita o tránsito por encima e que permite a condución das augas.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, pregunta se a finalidade é ampliar o radio de xiro dos vehículos que saian da pista secundaria? A cuneta de enfrente, cal é a finalidade?

O Concelleiro de obras Sr. Martínez Pereira di que é para iso, para a condución das augas e necesario votar un pouco de cemento na cuneta para que non reventar á pista, non é para outra cousa

O Sr. alcalde di que é para que os tractores con peso non pisen na marxe que é a máis débil e non se afunda o pavimento.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. No pasado pleno do mes de abril preguntei se a empresa a que se lle deben as facturas polos servizos de augas de 2023 fixera algún requirimento ao Concello, vostede contestou que non, pero segundo a nosa información se fixo requirimento hai uns meses e vostede negouno, non sei porque nons minteu, fixo unha reclamación de pago en xaneiro.

2. O Concello ten previsto ou planificado como vai solucionar este problema da auga que probablemente se volva a presentar este verán, ten programada algunha medida para non ter que estar de novo con esas urxencias?

3. Sobre unha licitación que se fixo para a compra dun cortacéspede, chama atención porque se presentaron nove ofertas e ningunha cumpría coas características do contrato, que pasou coas bases? Porque é raro que se presenten nove empresas e ningunha cumpra, estaba mal feito o prego houbo algún erro? É unha pregunta case de curiosidade.

4. No pleno pasado o BNG trouxo unha Moción sobre o asfaltado da Ponte de Remesquide na que parece que o Concello de Touro é titular dunha parte e preguntouse porque non se aceptara a proposta que fixera o Concello de Vila de Cruces e se había un problema de prezo, de feito preguntámoslle que nos dixera cal era o prezo que ofertara e non no lo dou, non sei porque, entón douno eu a proposta era de trece euros m² de asfaltado de seis centímetros, a pregunta é se non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aceptaron porque pensaban ue este prezo estaba por riba do prezo de mercado, parecíalle moi caro, cal foi a razón pola que non aceptaron?

Dous rogos:

1. Respecto da limpeza de estradas, con estas choivas moi considerables do mes de abril, por exemplo a estrada que vai de Loxo a Cimadevila creo que está chea de croios e de barro, polo que rogo que se limpe.

2. Ten que ver co Rallye que se celebrou o pasado fin de semana entre Tribás e Arinteiro que tamén houbo o ano pasado, e a aldea de Arinteiro este ano tamén quedou illada, creo que é un desprezo a esta aldea, precisamente unha aldea condenada polo proxecto da mina de Cobre San Rafael, xa por anticipado se castigue cun Rallye que é patrocinado por Cobre San Rafael da man e en compañía do Concello, parécenos unha cousa bastante lamentable, nós o que pedimos para próximas edicións o Concello teña en conta que non se aíllen aldeas, é o mínimo que se pode pedir. Ese é o rogo que se fai.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Eu as preguntas respóndoas de memoria, neste pleno, me puntualiza o sr. secretario que no mes de xaneiro/febreiro houbo unha reclamación.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG di hai que dicir non o sei, non mentir e dicir non.

O Sr. alcalde pídelle desculpas, tiña a certeza e por iso lle contestei que non se presentara formalmente reclamación algunha.

2. Fixéronse actuacións de limpeza na zona de captación, drenaxe nesta zona para facer un mellor aproveitamento do caudal do leito cando este escasea; acometéronse obras de redución das perdas por avarías na rede, hai solicitada unha subvención para equipar a instalación con medidores e dixitalización da mesma co fin de ser máis eficientes no control do gasto e de fugas por avarías.

3. Efectivamente presentáronse nove licitadores, os pregos non están mal, están claros e cales son as características da máquina que solicita o Concello. O que está mal, son as ofertas presentadas que incumpren os pregos, moitos licitadores ao chou como que se pide que sexa de gasolina e houbo que presentou oferta cun cortacéspede eléctrico, non é certo que todos os licitadores incumpren as características técnicas, porque hai licitadores que cumpren as características técnicas pero incumprían o prezo; co cal se declarou deserto loxicamente.

4. Respecto da obra que executou o Concello de Vila de Cruces na Ponte de Remesquide son necesarios dous factores para chegar a un importe económico, por un lado o prezo unitario das unidades e por outro a medición das unidades, o resultado desa multiplicación que se nos presentou e voulle dar o dato xa que insiste, mostrada nun papel pero da que non se nos facilitou copia era un prezo total en números redondos de case catorce mil euros. Verbalmente algún grupo da oposición, non sei se é certo o dato, trasladoume que por parte do goberno de Vila de Cruces se trasladara que o importe eran oito mil e pico euros. En todo caso nesa reunión ambos goberno quedamos a espera de buscar e consultar outras solucións e a esa espera continuamos.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.41 horas do 8 de maio de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: knTCe7nfPaJ/0SvhNyW0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.